



ACTA DA XUNTA DE FACULTADE, DO 28/11/2023

Da comezo a sesión ordinaria da Xunta de Facultade de 28/11/2023, ás 12:50 horas (segunda convocatoria), no salón de actos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, unha vez acadado o quórum preciso e coa seguinte

ORDE DO DÍA

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (21/04/23, 19/05/23, 05/06/23).
2. Informe da Decana.
3. Aprobación, se procede, do límite de prazas para o curso 2024/2025.
4. Aprobación, se procede, da oferta de materias optativas para o curso 2024/2025.
5. Aprobación, se procede, da PDA dos graos para o curso 2024/2025 e da lista priorizada dos departamentos.
6. Aprobación, se procede, do reparto da “Bolsa de horas de recoñecemento de actividades de Xestión docente” para o curso 2024/2025
7. Aprobación, e procede, da PDA e dos límites de prazas dos másteres para o curso 2024/2025.
8. Aprobación, se procede, de cambios nas Comisión de Validacións e de Relacións Internacionais da Facultade.
9. Ratificación, se procede, do acordo da Comisión de Relacións Internacionais pola que se aprobou a modificación da normativa de mobilidade da Facultade.
10. Rogos e preguntas.

ASISTENTES:

ESTUDANTES:

LORENZO RAMILO, Ana Lidia
MENÉNDEZ VALDÉS, Francisco Javier

SÁNCHEZ TRONCOSO, Jacob

PAS:

LÓPEZ IGLESIAS, Manuel

PRADO VÁZQUEZ, Ana de

PDI:

ALONSO VILLAR, Olga

ÁLVAREZ VILLAMARÍN, José Carlos

ARÉVALO TOMÉ

BERGANTIÑOS CID, Gustavo

CASTRO FERNÁNDEZ, Fidel
COMESAÑA BENAVIDES, Fernando
CRESPO FRANCO, Tony
FALAGÁN MOTA, Jorge
FERRO SOTO, Carlos
GAGO RODRÍGUEZ, Alberto
GARCÍA RODRÍGUEZ, M ^a José
GARZA GIL, M ^a Dolores
GÓMEZ RÚA, María
GONZÁLEZ CERDEIRA, Xulia
GONZÁLEZ LOUREIRO, Miguel
GONZÁLEZ MARTÍNEZ, Xosé Manuel
LORENZO ALONSO, Pedro
LORENZO PICADO, Leticia
MANZANO GONZÁLEZ, Baltasar
MARTÍN MORENO, José María
MARTÍNEZ SENRA, Ana Isabel
MIGUEL PALACIOS, Carlos de

MONTERO MUÑOZ, María
OTERO GIRÁLDEZ, M ^a Soledad
OTERO NEIRA, M ^a Carmen
PAZÓ MARTÍNEZ, M ^a Consuelo
RODRÍGUEZ CAMPOS, M ^a Celia
RODRÍGUEZ DE PRADO, Francisco
RODRÍGUEZ MÍGUEZ, Eva
RODRÍGUEZ PARADA, Sonia M.
RUIZ BLANCO, Silvia
SIMÓN FERNÁNDEZ, Xavier
SURÍS REGUEIRO, Juan C.
TEIXEIRA BAUTISTA, José Francisco
VÁZQUEZ PAMPÍN, Carmen
VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, M ^a Xosé
VELANDO RODRÍGUEZ, M ^a Elena
VILA ALONSO, M ^a Mercedes
VILA BIGLIERI, Jorge E.

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

PDI:

ALONSO CARRERA, JAIME
ÁLVAREZ GARCÍA, BEGOÑA
BUCH GÓMEZ, Enrique J.
CRESPO DOMÍNGUEZ, Miguel A.
DÍAZ VÁZQUEZ, Raquel
GÓMEZ FRAIZ, Santiago
GONZÁLEZ GÓMEZ, Manuel
GONZÁLEZ SAVIGNAT, Mar
HERVÉS ESTÉVEZ, Javier
LOVEIRA PAZÓ, Rosa María
MARTÍNEZ DOMÍNGUEZ, Blanca
QUINTÁS CORREDOIRA, María
RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, Mar
VALLEJO POUSADA, Rafael

No primeiro punto da orde do día, apróbanse por asentimento as actas de:

21/04/23, 19/05/23, 05/06/23

No segundo punto, a Decana informa:

1.- Do remate do proceso de asignación de traballos de fin de grao, que houbo que facer “manualmente” dado que SIGMA aínda non está configurado para facelo. En teoría, a día de hoxe, todo o profesorado debería poder ver no seu sigma o alumnado que lle foi asignado e o alumnado pode ver no seu expediente o título escollido.

2.- De que se solicitou o distintivo de galeguización pero non se acadou, aínda que o noso centro quedou de segundo clasificado. Só había un premio.

3.- Das obras e acondicionamentos na Facultade: remate do arranxo na metade da terraza do aulario cun grande esforzo económico por parte do Centro e pouca aportación por parte da Reitoría, e renovación de medios tecnolóxicos fundamentalmente nos seminarios e aulas-seminarios.

4.- Da proposta de premios extraordinarios de fin de carreira, que este ano recae no Grao en Ade en Inés Bello Modia e no grao en Economía en Gabriel González Darroza.

No terceiro punto da orde do día, aprobación, se procede, do límite de prazas para o curso 2024/2025 a Decana propón manter o mesmo límite de prazas que nos cursos anteriores.

A proposta apróbbase por asentimento.

No cuarto punto “Aprobación, se procede, da oferta de materias optativas para o curso 2024/2025” di que non hai cambios tampouco con respecto aos cursos anteriores e solicita a aprobación. Apróbbase por asentimento.

No quinto punto, “Aprobación, se procede, da PDA dos graos para o curso 2024/2025 e da lista priorizada dos departamentos” a Decana expón que nun principio, dende a reitoría se solicitara una redución do 15%, pero que, finalmente, tras distintas conversas co Vicerrectorado correspondente, recoñeceron que había un erro na asignación, polo que, se mantén a pda tal e como estaba no curso pasado.

Pide ademáis que, no caso de ter que facer algún axuste, se permita ao equipo facelo.

Apróbbase por asentimento.

No sexto punto “Aprobación, se procede, do reparto da “Bolsa de horas de recoñecemento de actividades de Xestión docente” para o curso 2024/2025” pídese a aprobación do reparto, que se levou a cabo tendo en conta as actividades a desenvolver pola distintas persoas.

Pide ademáis que, no caso de ter que facer algún axuste, se permita ao equipo facelo.

No sétimo punto “Aprobación, e procede, da PDA e dos límites de prazas dos másteres para o curso 2024/2025” pide a aprobación das pdas correspondentes aos Másteres en Finanzas, Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa, Técnicas Estatísticas e Economía. O Máster en Xestión do Desenvolvemento Sostible permanecerá en suspenso un curso máis.

No octavo punto: “Aprobación, se procede, de cambios nas Comisión de Validacións e de Relacións Internacionais da Facultade” di que se produciu a baixa de Nicanor Alonso na Comisión Validacións, por ter a súa docencia maioritaria noutro centro e de Belén Fernández-Feijóo na de Relacións Internacionais, por xubilación, polo que, solicita pasen a formar parte delas Javier Hervés Estévez, na de Validacións e Carlos Ferro Soto, na de Relacións Internacionais.

Apróbanse os cambios por asentimento.

No punto 9 “Ratificación, se procede, do acordo da Comisión de Relacións Internacionais pola que se aprobou a modificación da normativa de mobilidade da Facultade” di que o cambio ven motivado por petición da vicerreitoría en base ó acordo acadado no curso pasado tal e coma se trasladou nunha xunta anterior. Os principais cambios céntranse en xeralizar ós dous últimos cursos as materias dos contratos e permitir ao alumnado do PCEO ampliar en 12 ectos o nº máximo de créditos sempre que estes créditos sexan de materias de Dereito e llo permitan en destino.

María Gómez Rúa pregunta porqué hai esa limitación de créditos para o alumnado do PCEO ao que a Decana lle responde que para evitar discriminacións co resto do alumnado.

Francisco Menéndez pregunta porqué esa ampliación non vai a 15 ectos para cubrir todos os créditos do último curso da carreira, e non a 12, como se está propoñendo. A Decana indícalle que para evitar discriminacións co resto do alumnado e que, ademáis se permite unha pequena porcentaxe de variación que podería “salvar” esos tres créditos a maiores. En calquera caso, se aplicou de acordo co solicitado e o acordado co alumnado do PCEO do curso anterior.

Prócedese a votación, sendo aprobada por 27 votos a favor, 5 en contra e 6 abstencións.

No derradeiro punto: “Rogos e preguntas” Ana Lidia Lorenzo pregunta se se vai adoptar algún tipo de medida nos horarios do grao en Economía, porque, segundo di, “hai alumnos que protestan porque non lles da tempo a comer”. A Decana dille que xa ten tido conversas ao respecto con profesorado do grao e que se tentará no seguinte curso que as clases de tarde comezan ás 15:30 h.

Rematada a orde do día ás 13:10 horas, e sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión.

Vº e Pr.:

A Decana

A Secretaria